



**Declaración institucional do pleno do concello en apoio da  
continuidade da SOCIEDADE CULTURAL E RECREATIVA BERGANTIÑOS -  
"CASINO DE CARBALLO"**

Unha vila acaba por reflectir o que os seus veciños quixeron que fose; Carballo non é unha excepción.

Se de algo podemos presumir os carballese e carballese é do enorme pulo do seu movemento asociativo. Xente anónima que presta o seu escaso tempo libre a favor do gozo colectivo. Exemplos desta labor atoparémolos a ducias no noso concello. É obriga de todos pelexar por manter e apoiar este tecido que tanto nos levou construír.

A Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, para todos nós o "Casino de Carballo", é o pai, ou máis ben o avó, de toda esta familia numerosa que hoxe en día constitúen todas as asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello.

Este avó, que nacía aló polo 1889, exemplo de lonxevidade e patrimonio de todos, hoxe non goza da mellor das saúdes. É unha obriga de todos e todas coidar a historia e o manantial cultural do que bebemos. O Carballo de hoxe non é entendible sen o Carballo de finais do século XIX, non é entendible sen esas persoas que desinteresadamente, ofreceron unha opción de lecer e desenvolvemento persoal, nunha época na que estas opcións eran inexistentes. O Carballo de hoxe non é entendible sen o Casino de Carballo.

Non volvamos a cometer os erros do pasado, recordemos a historia e protexámola, pois, como dixemos o comezo, Carballo é, e será, o que os seus veciños queiramos que sexa. Daquela defendamos e axudemos a este avó que xestou a inquietude na lectura en moitos dos nosos predecesores. Protexamos esas lembranzas; esas lembranzas que os máis novos foron escoitando dos seus pais e/ou avós e forman parte da memoria inconsciente

daqueles anos, no que o gris era a cor predominante na paleta de pinturas que barnizaba eses tempos.

Por elo o Pleno do Concello de Carballo declara:

1º.- O seu apoio a pervivencia da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, "Casino de Carballo".

2º.- O seu desexo a que a actividade da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, "Casino de Carballo", se siga desenvolvendo no local actual tal e como o ven facendo dende comezos do século pasado.

Carballo a 16 de Febreiro de 2017.

